

Descripción do percorrido

Esta fermosa ruta discorre pola parroquia de Bogo, no arquiprestado de Miranda, situada no concello de A Pontenova, intégrase na área do “Río Eo, Os Oscos e Terras de Burón” sendo Reserva da Biosfera desde setembro do 2007. Nela teremos a oportunidade de percorrer un dos bosques máis fermosos e mellor conservados da provincia de Lugo, con gran variedade de árbores entre os que destacan carballos, castiñeiros, abeleiras e acivros, e abundante vexetación arbustiva formada por fieitos, uces, ruscos, folgueiras e arandeiras, xunto co mofo recubriendo as pedras, tamén fervezas que forman os ríos ao longo do seu percorrido. Ademais, no itinerario veremos interesantes elementos etnográficos como corripas, muíños e aldeas tradicionais: **San Pedro de Bogo, Sanxés e Vilarxubín**, e a impresionante **Ferrería de Bogo**, importantísima factoría do século XVI que aínda conserva boa parte das súas edificacións.

Iniciamos o noso percorrido a 785 metros de altitude no lugar de Barreiros e baixamos por un camiño, sen apenas vexetación, cara unha mata de pinos que dá entrada a fermosa **Fraga das Reigadas**. A partir de aquí iremos bordeando o río contemplando numerosos regatos e pequenas fervezas, ao mesmo tempo que atravesamos numerosas pontes tradicionais de madeira que dan un gran encanto a este itinerario. Pasamos por diante dunha antiga minicentral eléctrica e continuamos ata chegar a un desvío que nos conduce á ferveza do **Pozo da Chamosa**. Pasamos por diante dun muíño e chegamos a **Ponte Paradela**, saíndo á estrada, onde hai unha fonte para refrescarnos. Camiñamos uns poucos metros e introducímonos na **Fraga de Vilaxubín**. Pasamos por diante dalgunha ouriceira (recintos circulares de pedra empregados para almacenar as castañas) e algo máis adiante alcanzamos outro lugar máxico, pegados ao río, onde a tranquilidade é a nota dominante, e que en poucos metros condúcenos ao **muíño dá Seimeira** en bo estado de conservación, e á **Ferveza das Reigadas** pouco despois. Seguimos camiñando ata que de súpeto ábrese o ángulo de visión e podemos apreciar un cambio na paisaxe coa presenza de coníferas e por primeira vez contemplamos un núcleo de poboación a aldea de **San Pedro de Bogo**. So queda un pequeno descenso para chegar á **Ferrería de Bogo**, fundada no ano 1534 polo fidalgo Pedro de Miranda para o aproveitamento das riquezas ferricas das súas terras a partir da forza motora do río Reigadas.

Despois de facer un descanso comencamos a ascender cara Sanxés, pasando antes por San Pedro de Bogo coa súa curiosa igrexa que domina todo o val. O primeiro que chama a nosa atención o chegar a **Sanxés** son as esculturas do xa finado “**Manuel Marqués**” arte popular que nos sorprenderá. Despois de atravesar o pobo adentrámonos na fraga, por un camiño que máis adiante convertese nun carreiro, nel poderemos escoitar o ruxir da ferveza da Seimeira, que para vela, habería que desviarse.

Pasados dous muíños, que aproveitando a forza da auga permitían moer a indispensable fariña, cruzamos o regato e adentrámonos noutro fermoso souto. Máis adiante, o carreiro cruza un novo arroio para chegar ata un camiño máis amplo que, a través da **Fraga de Sanxés**, levaráanos á bonita aldea de **Vilarxubín**, onde nos espera o autobús.












SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA



MIDE

AS FRAGAS DE BOGO

horario	5h 40'			1	severidade del medio natural
desnivel de subida	684 m			3	orientación en el itinerario
desnivel de bajada	990 m			2	dificultad en el desplazamiento
distancia horizontal	16,0 Km			3	cantidad de esfuerzo necesario
tipo de recorrido	Travesía				

Condiciones de Todo el año, tiempos estimados según criterio MIDE, sin paradas.

Calculado sobre datos de 2016.

Recoméndase levar calzado axeitado para camiñar por zonas húmidas

PROXIMAS ACTIVIDADES

✓ 18 de diciembre 2016: Río Ulla. Pontecesures (PO)



Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org

20 de novembro de 2016

AS FRAGAS DE BOGO

L.I.C. CARBALLIDO

(Lugo)

